


BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO. 3º exame 1ª avaliación


Nome.....

1. Orixen da atmosfera e da hidrosfera.

2. Cal é a composición da atmosfera (aire)?



3. No esquema-debuxo adxunto



a. Pon o nome deas capas

- A
- B
- C
- D

b. Pon o nome das pausas

- X
- Y
- Z

c. Pon o nome das moléculas

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- 6


d. Que significa UV? Que pasa con eses raios no debuxo? Hai un problema ambiental asociado a esto, e chámase?

e. Que pasa con as ondas longas? E ao chegar a superficie da Terra? Que fenómeno (problema ambiental) fai a contrarradiación?

4. Relaciona mediante frechas.

O osíxeno •	• é producido por bacterias.
O nitróxeno •	• é un gas inerte, emitido polos volcáns.
O argon •	• consómese na fotosíntese e prodúceno os animais.
O dióxido de carbono •	• é un gas inerte producido por bacterias, que se acumula.
O metano •	• é un gas moi reactivo, producido na fotosíntese.

5. Que representa o seguinte debaixo. Fai as preguntas.




- Cales son os meses máis fríos e os máis calurosos? Que diferenza de temperatura hai entre eles? É moderada?
- Cal é o mes máis chuvioso? E o máis seco?. Calcula a plubiosidade total ao longo do ano.
- Calcula a temperatura media anual.
- Cres que hai relación entre a temperatura e as precipitacións?

- Enumera usos da auga.
- Enumera impactos do uso da auga.
- Enumera contaminantes da auga.

9. Que representa o seguinte debuxo? Cal é o motor que o move?

- a. Pon os nomes: Evaporación, Sol, mar, condensación, precipitación, escorrentía superficial, infiltración, río e auga subterráneas.



10. Propiedades da auga:

- a. Pon nome as propiedades: 1,2,3 e 4.
 b. Pon nome aos cambios de estado: a,b, c, d e e f.

Propiedades da auga
 A auga é unha substancia incolora, inodora e insípida. Presenta unha serie de propiedades que a fan imprescindible para a vida.

1 A auga pode presentarse en estado sólido, líquido ou gasoso. Cando o xeo pasa a auga líquida, ou a auga líquida a gas, absorbe enerxía. En cambio, ao pasar de gas a líquido, e de líquido a sólido, cede enerxía. Esta propiedade favorece que se produza o ciclo da auga. A suor arrefríanos porque toma enerxía do noso corpo para evaporarse.

2 A auga pode disolver un gran número de substancias. Grazas a esta capacidade, a auga pode transportar sales minerais disolvidos. Esta función é de vital importancia no interior dos seres vivos. Así, a parte líquida do sangue é auga que transporta sales, nutrientes, oxíxeno e refugos, entre outras substancias.

3 A auga non cambia de temperatura con facilidade. Para elevar un grao a súa temperatura cómpre aplicar 10 veces máis calor que para elevar un grao a temperatura da mesma masa de ferro. Posto que o corpo dos seres vivos é auga na súa maior parte, esta propiedade axúdalo a manter a temperatura.

4 A densidade do xeo é máis baixa ca a da auga líquida: por iso, o xeo flota na auga. Esta propiedade é fundamental para a vida, xa que nos ríos, mares e lagos conxelados o xeo permanece na superficie, de xeito que debaixo queda a auga líquida, na que poden vivir os organismos acuáticos.